

PLENO

ACTA 2019/12 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 14/10/2019

No salón de Plenos da Casa do Concello , ás 09:30 horas do 14/10/2019, coa asistencia de:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde (PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario accidental o Interventor da Corporación Félix Carrasco del Pozo, por ausencia xustificada por desfrute de vacacións do titular don Federico Suárez Cancelo.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA:

I PARTE RESOLUTORIA

- 1 Aprobar se procede a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.
- 2 Aprobar se procede a modificación orzamentaria por transferencia de créditos 2019/17.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

1 Aprobar se procede a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra don José Manuel Mirás Pulleiro (OR) e critica a convocatoria urxente xa que logo está convocado outro Pleno extraordinario para o xoves 17, podéndose facer o presente nesa data, e aforrar por tanto un custe de 3.300 euros aos veciños de Oroso. Di igualmente que non existiu apenas

PLENO

tempo para acceder á documentación do pleno tendo en conta que a convocatoria fíxose o venres a última hora, non se publicou na páxina web e non queda acreditada a urxencia de conformidade co disposto no ROF.

A continuación toma a palabra don Alexander Doval Expósito (PP) e di que vai a agardar ás explicacións do Alcalde para decidir o seu sentido do voto.

Intervén de seguido dona Isabel Fernández Gallego (BNG) e di que non é certo que o Pleno vaia costar 3.300 euros, senón pola contra 1.050 euros xa que logo os membros do equipo de goberno non devindican axudas de custe e por enriba só se poden cobrar dous asistencias por mes, quedando acreditada a urxencia tendo en conta que hai que facer xa os gastos.

Toma a palabra don Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) e reitera o dito pola concelleira do BNG no senso de que o Pleno non custa o afirmado polo concelleiro de OR, dicindo igualmente que non é posible acumular o asunto ao Pleno do xoves e non se poido convocar con máis antelación debido a que o Interventor estivo de vacacións ata o luns anterior.

Finaliza a quenda de intervencións o Alcalde-Presidente don Manuel Mirás Franqueira e reitera os argumentos expostos polo concelleiro don Antonio Leira Piñeiro, criticando o que define coma postura demagóxica do concelleiro don José Manuel Mirás Pulleiro (OR), tendo en conta hai compromisos de pago que non se poden aprazar.

O Sr. Alcalde somete o asunto a votación e o Pleno por:

- Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE; e 1 do BNG).
- Votos en contra: dous (2 de OR).
- Abstencións: catro (4 do PP) adopta o seguinte acordo:

Aprobar a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.

2 Aprobar se procede a modificación orzamentaria por transferencia de créditos 2019/17.

Logo de ver a seguinte proposta de acordo asinada polo Alcalde-Presidente:

“Vista a memoria que antecede, e de conformidade co informe da Intervención, en orde a dar cumprimento ó disposto nas bases de execución do presuposto para o vixente exercicio de 2019, e encontrándoo axustado ó disposto no artigo 179 e concordantes do TR 2/2004 e atrs. 40 e ss. do Real decreto 500/1990, de 20 de abril,

No uso das competencias que me outorga o artigo 21 da lei reguladora das bases do réxime local 7/85 e de conformidade co artigo 82 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

PLENO

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) A aprobación inicial da modificación de créditos dentro do vixente presuposto de gastos para o exercicio 2019, mediante Transferencia de Crédito , Núm. 2019/17,

PARTIDAS QUE SE MINORAN

PARTIDA	PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE
1532.619.00	2019/2/MPE/1	MELLORA DE PAVIMENTO NAS RÚAS OTERO PEDRAYO E CURROS ENRIQUEZ (PARQUE EMPRESARIAL DE SIGÜEIRO	11.751,62 €
1533.609.00	2019/2/OBRAS/1	HUMANIZACIÓN E MELLORA DO TRAMO ESTE DA RÚA DO CAMPO EN SIGÜEIRO	18.500,00 €
160.227.06		Estudos e traballos técnicos	20.000,00 €
		TOTAL	50.251,62 €

PARTIDAS QUE SE INCREMENTAN

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
337.227.13	Ocio e Tempo Libre - Prestación de servicios de ocio e culturais	15.000,00 €
342.210.00	Mantemento infraestruturas deportivas	20.000,00 €
338.227.13	Festexos Populares - Prestación de servicios de ocio e culturais	15.251,62 €
	Total modificación estado de GASTOS	50.251,62 €

2º) A apertura do proceso de exposición ao público do expediente polo prazo de 15 días mediante publicación de anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinalo e interpoñer no seu caso as reclamacións baseadas en algúns dos motivos sinalados no artigo 170.2 TRLHL, transcorrido o cal sen presentar reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

PLENO

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) e critica a proposta de acordo dicindo que se non se fixeran unha serie de gastos sen control coma a Festa do Deporte, a Festa da Xuventude, a Festa de Troita, algúns deles coma as orquestras con reparo da intervención, e intervindo coma contratistas algún concelleiro da corporación, non sería necesario facer a presente modificación de crédito. Critica do mesmo xeito os gastos no bar da Piscina, que faille a competencia desleal aos particulares. Di igualmente que se hai remanentes de outras obras parécelle ben empregalos, pero en outras obras, non en gastos de festexos e de ocio e tempo libre, e pon coma exemplo que pola contía prevista da modificación podería arranxarse parcialmente a Rúa do Campo.

A continuación toma a palabra don Alexander Doval Expósito (PP) e di que coa modificación preténdese cubrir gastos previos ás eleccións municipais, tal coma aconteceu vai catro anos, e que non se tratan por tanto de gastos imprevistos, parecéndolle ben en todo caso que os provedores poidan cobrar os seus servizos.

De seguido intervén dona Isabel Fernández Gallego (BNG) que recalca a necesidade de aprobar a modificación orzamentaria e que o informe da intervención municipal é favorable, e que prevese que no próximo orzamento as previsións serán máis axeitadas.

Toma a palabra don Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) e repróchalle ao concelleiro don José Manuel Mirás Pulleiro (OR) criticar a transferencia tendo en conta que a realización de transferencias de créditos son habituais dentro das administracións públicas e que o ocio e tempo libre dos cidadáns é tamén importante dentro dos gastos municipais, e que é indigno imputar a concelleiros condutas cando non ostentaban esta condición.

Intervén o Sr. Alcalde e di que lle sorprende que a postura de OR, criticando os gastos de inversión feitos na piscina, e que non son capaces de diferenciar entre gastos de inversións e correntes. Expón que segundo eles habería que suprimir a Festa do Deporte e o mantemento de instalacións o cal é segundo a súa opinión demagóxico. Reitera que as modificacións de créditos son necesarias porque non é posible prever todos os gastos con exactitude a un ano vista, e que todos os gastos de orquestras os que fixo referencia o concelleiro de OR fíxose en concurso público e o bar de piscina xa estaba en funcionamento cando o actual equipo de goberno chegou ao poder.

Volta a intervir o concelleiro don José Manuel Mirás Pulleiro (OR) e reitera a crítica do destino dos créditos, dicindo que o seu grupo estaría a favor de empregar os remanentes de créditos para facer outros gastos de inversión, coma no campo de fútbol de Oroso, pero non para dedicalo a gasto corrente. Reprocha ao BNG a súa corresponsabilidade na falta de rigor na xestión no gasto.

D. Alexander Doval Expósito (PP) toma a palabra a continuación, para reiterar que aínda que as modificacións de créditos son habituais e son legais,

PLENO

a orixe está claro que son gastos preelectorais, e que en todo caso non se opón a que os provedores poidan cobrar.

Finaliza a quenda de intervencións o señor Alcalde-Presidente para concluír que o seu grupo de goberno puido cometer erros de xestión, coma calquera, existindo aspectos mellorables pero que a aprobación da modificación é necesaria.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

- Votos a favor: sete (6 de PSG-PSOE e 1 do BNG);
- Votos en contra: seis (4 do P.P; 2 OR);
- Abstencións: ningunha (0 votos); adopta o seguinte acordo:

Aprobar a proposta de alcaldía transcrita no inicio do punto.

Non existindo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 10:05 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe, asinado dixitalmente por ambos.

O Alcalde – Presidente.

O Secretario accidental

Manuel Mirás Franqueira

Félix M. Carrasco del Pozo